

Estás a agardar un ou unha peque e teslle apego á lingua? Parabéns por partida dupla! No Concello da Coruña, a través do Servizo de Normalización Lingüística, queremos que formedes parte do programa Apego, un espazo para compartir, para encontrar e encontrarse, aberto a calquera iniciativa que contribúa aos fins do proxecto, para axudarvos á socialización en galego.

Podedes contactar con nós para inscribivros no proxecto Apego e así recibirdes información sobre o programa... e un agasallo de benvida!

Máis información en:
www.coruna.gal/lingua
 e www.apego.gal

Contactade connosco para vérmonos:
Servizo de Normalización Lingüística
 Centro Ágora, lugar da Gramela, 17, 15010 A Coruña

- ☎ 981 189 888, exts. 34310 / 34311 / 34333
- ✉ lingua@coruna.gal
e inscricionslingua@coruna.gal
- 📘 facebook.com/normalizacioncoruna
- 📷 [lingua_corunha](https://instagram.com/lingua_corunha)



Setembro

L	M	M	X	V	S	D
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

Outubro

L	M	M	X	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Novembro

L	M	M	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30



Na Coruña témoslle Apego á lingua!



**Programación
de setembro a
novembro de 2025**



Concello da Coruña



Deputación
da Coruña



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

"Ñam!", de Caramuxo Teatro



Martes 30 de setembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (30 min)

Comer é un pracer, pero antes hai que cociñar e escoller os mellores produtos. Nam! é un espectáculo teatral creado a partir do mundo da cociña, para ver, escoitar, ulir, sentir e saborear en familia.

*Inscripción a partir do
venres 26 de setembro, ás 10.00 h*

"Música na pel", de Arkhé



Martes 7 de outubro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Obradoiro para as familias con bebés no que exploraremos, con moita liberdade de acción, a importancia da lingua, da música e de captar estímulos. Autoexploración e aprendizaxe de masaxes, cancións, xogos e arrollos tradicionais cos que estableceremos vínculos.

*Inscripción a partir do
venres 3 de outubro, ás 10.00 h*
*ou que aínda non se despracen

"Levántate, Xan!", de Caxoto



Martes 28 de outubro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (30 min)

Xan, dono dunha granxa, terá un problema co seu galo que pode condicionar toda a vida cotiá da granxa. A través de pequenas historias, cancións e contos, Xan intentará arranxar o funcionamento da súa granxa.

*Inscripción a partir do
venres 24 de outubro, ás 10.00 h*

"Hugo", de Os Náufragos Teatro



Martes 28 de outubro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 min)

A Hugo gústanlle moito os avións e toca o piano. Laia visita a Hugo cada día. A ela gústalle falar e gústanlle as plantas. Peza sobre o trastorno de espectro autista.

*Inscripción a partir do
venres 24 de outubro, ás 10.00 h*

"A nena e os tres osos", de Migallas



Martes 18 de novembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 min)

Monicreques e cancións. Os tres osos vivían no bosque e todos os días facían o mesmo, pero aquela mañá as papas estaban moi quentes e decidiron pasear primeiro e almorzar despois.

*Inscripción a partir do
do venres 14 de novembro, ás 10.00 h*

"Rosa caramelo", de Talía Teatro



Martes 18 de novembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

Illada nun xardín, Margarita é a única elefanta do grupo que non consegue que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus pais desisten desa idea, descubrirá o significado da liberdade, e abrirá o camiño da igualdade para as súas compañeiras.

*Inscripción a partir do
venres 14 de novembro, ás 10.00 h*

"Obradoiro de imprenta creativa", de Alouette Machine



Martes 14 de outubro
tres pases: 17.00, 17.40 e 18.20 h (30 min)

Obradoiro participativo no que as crianzas poderán realizar (e levar para a casa) algunhas impresións na nosa lingua propia e coñecer de preto como era o traballo dos antigos impresores e editores.

*Inscripción a partir do
venres 10 de outubro, ás 10.00 h*

"O dentista musical", de Pablo Varela



Martes 21 de outubro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (40 min)

Con este libro-disco, cantaremos e bailaremos, ao tempo que aprendemos hábitos saudables para acadar unha boa saúde bucodental. Tamén nos axudará a superar o medo a ir ao/a dentista e a conseguir un sorriso san e brillante.

*Inscripción a partir do
venres 17 de outubro, ás 10.00 h*

"Triscus beliscus", de Vero Rilo e Sonsoles Penadique



Martes 4 de novembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (30 min)

Espectáculo de narración oral e música en directo. Xogar, contar e cantar con Xan, con Pedro, co can, co gato e co rato ata caer de cu polo burato!

*Inscripción a partir do
venres 25 de outubro, ás 10.00 h*

"Mar, terra e lingua", da Maga Fani



Martes 11 de novembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (50 min)

Escollo de feitos para amosar que, da bravura do noso mar e da capacidade produtiva desta terra, agroma unha fala para namorar a sociedade.

*Inscripción a partir do
venres 7 de novembro, ás 10.00 h*

"Arrollos de salitre", de Guille Fernández e Inés Salvado



Martes 25 de novembro
dous pases: 17.00 e 18.30 h (45 min)

As familias poderán aproveitar o poder emocional das nanas e cantos de berce de tradición oral. Melodías moi coñecidas, na guitarra de Guillermo Fernández e a voz de Inés Salvado.

*Inscripción a partir do
venres 21 de novembro, ás 10.00 h*

As actividades desenvolveranse na aula 8 ou no auditorio do Centro Ágora. Cada neno/a terá que vir acompañado/a por unha persoa adulta.

Máis info e inscricións (só para a crianza) de balde en: coruna.gal/lingua